

A tranquila desolación

6 | **rDL**
Galicia Hoxe 02/04/09

Manuel Rivas

U

nha das primeiras noticias certas que tiveron de Antón Mouzo foi no curso dunha inundación. As augas do río Pequeno desbordaban polo val de Soneira, agallopaban fóra do curso natural dos ameneiros, asolagaban os campos do maíno, anegaban os centeos e agatuñaban por valados e pontes, improvisaban fervenzas polas pradarías en aba, e, finalmente, brincaban dos foxos ás estradas con esa atoleirada inocencia que ten a natureza cando intimida os humanos. A máquina na que eu viaxaba tivo dificultades para remontar as augas e chegar a destino. Logo souben que a esas horas, nun soto ribeirán de Vimianzo, o pintor Antón Mouzo loitaba por rescatar os seus lenzos do vómito da treboada.

Fóronse as augas camiño do mar da Costa da Morte pero quedou impresa, transcendida en metáfora, a escena do creador facendo fronte ao naufraxio da obra e contemplando logo o pouso do

tempo inclemente sobre os lenzos.

O milagre das obras pictóricas, cando se acada, ten moito que ver coa fixación dun intre, coa revelación, coa textura das sensacións que non queren esvaer na nada. Esas obras atinxen a categoría do extraordinario cando falan de si e tamén de todo aquilo que non se nos mostra, cando, mesmo ao nacer, teñen o musgue do tempo, a pegada dos restos que emergullen do naufraxio. Un sente con plenitude esta presenza na obra última de Antón Mouzo. Os que valorábase o seu dominio técnico, asistimos agora engaiolados á descuberta dun camiño intransitado, á descuberta dun latexo activador de suxestións. O oficio libérase de retóricas, de modismos, e abre sucros artesáns nunha superficie feita con tiras de pel da historia efémera. Pousa a neve nunha paisaxe desolada de papel prensa. Sobre as vísceras dese mundo que dura un día, deita e encarna Mouzo o que é máis propio do ser humano, chamémoslle alma ou nostalgia.

E é así que os obxectos nos falan de si mesmos, da súa aparencia, e tamén de todo o que non está, de todo o que invocan, de tempos e mundos que nunca se contarán en papel prensa. A sobriedade destas obras é tamén aparente, coma a luz dun espello. Así como tras o carbón está o lume e tras o lume a árbore e tras a árbore a semente e a terra, tamén tras o trazo da silueta, das figuras, dos obxectos e da paisaxe insinuada, é posíbel reconstruír a perplexidade da mirada humana. A semellanza dun deus, o artista ten o envexábel poder de crear mundos. O de Antón Mouzo é o dunha tranquila desolación. Na voráxine das modas, tan persoal aposta adquire a dimensión dunha contrarretórica, dunha saudábel e inquietante pescuda. É unha honra poñer letras de molde a este magnífico suceso na pintura galega.

'Árbores' (1996)

